

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CIRURXIÁNS MAXILOFACIAIS DO CHUS RECONSTRUEN UNHA MANDÍBULA CUN TRANSPLANTE “A MEDIDA” DE TECIDO CULTIVADO NA PERNA DA DOENTE

- ***O óso transplantado da enxiva fora cultivado no peroné da propia perna da doente***
- ***É a primeira vez que se realiza unha intervención similar en Galicia e é o segundo centro en España***
- ***Para o procedemento precisáronse tres técnicas: a planificación virtual 3D, a enxeñería tisular (cultivo de células en laboratorio) e as abordaxes minimamente invasivas***

Santiago, 03 de novembro de 2020.- Especialistas do Servizo de Cirurxía Maxilofacial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, cuxo responsable é o doutor Abel García, reconstruíron a mandíbula dunha doente, enxertando un óso da enxiva cultivado no peroné da propia perna da paciente. A peza implantada foi creada mediante enxeñería tisular (cultivo de células da propia doente en laboratorio).

É a primeira vez que se realiza unha intervención similar en Galicia e o CHUS é o segundo centro en España en levala a cabo con éxito.

A paciente, unha muller duns 40 anos presentaba un tumor benigno pero invasivo na mandíbula. Tras extirparlle a metade da mandíbula, precedeuse á reconstrución cun auto transplante do óso do peroné con enxiva oral. Para esta reconstrución facial empregáronse tres técnicas: a planificación virtual 3D, a enxeñería tisular e as abordaxes minimamente invasivas, que evitan cicatrices faciais visibles.

O cirurxián encargado de dirixir esta operación (que tivo unha duración de 12 horas) foi o facultativo do servizo de cirurxía maxilofacial da área compostelá Quim Megías que contou coa colaboración de profesionais dos servizos de Anestesioloxía e Reanimación, Cirurxía Plástica, Farmacia Hospitalaria, Anatomía Patolóxica e esterilización.

Esta nova técnica precisa de tres pasos para ser levada a cabo. “Nun primeiro tempo tomouse unha mostra dun centímetro de enxiva da boca para procesar a mucosa da boca até conseguir unha lámina de dez centímetros que se colocará na parte externa do peroné, para que nun período de seis semanas prenda sobre o óso, converténdose en enxiva de novo no óso peroneo” explica o doutor Megías.

“Coa información que aportan os TAC,s da mandíbula e do peroné enxertado con cultivo de enxiva, deséñanse as guías para extraer o tumor da mandíbula e reconstruír o óso danado



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
“Unha maneira de facer Europa”

FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cun segmento do peroné, mediante unha placa deseñada especificamente para a paciente”, subliña Megías.

O último paso consiste en realizar un autotransplante de peroné (cos vasos sanguíneos que o nutren) ao defecto mandibular cunha abordaxe minimamente invasiva.

Desde o servizo de Cirurxía Maxilofacial está previsto que esta técnica beneficie uns 20 doentes ao ano con tumores benignos mandibulares que precisen reseccións extensas de óso, e así ofrecerlles aos doentes con lesións en boca e cara a mellor reconstrución posible.

Saúdos



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"